

PROXECTO MOUGÁS.

UNHA PROPOSTA DIDÁCTICA

“Os montes e costa de Mougás foron explotados a través da Historia. As formas de vida foron mudando, as aldeas foron cambiando de lugar e os recursos fóronse substituíndo. O Proxecto Mougás é o último episodio desta Historia de actuación sobre a paisaxe.”





EXPLICANDO O PROXECTO



Santa Uxía de Mougás é unha parroquia do Concello de Oia, que linda ao Norte con Baiona. Sitúase nas estribacións occidentais da Serra da Groba e limita co Atlántico cunha característica liña de costa recta e pedregosa. Precisamente **ese contraste entre o mar e as terras altas condicionou a través do tempo a forma de vida mougalesa.**

RESUMO

Preténdese ofrecer unha unidade didáctica baseada nunha saída da aula. Durante a actividade visitarase o castro da Cabeciña, realizarase unha pequena ruta por Mougás e finalizarase cunha actividade de plantación de árbores nunha zona na que se quere crear un arboreto.

A actividade está concibida como un todo e planificada para crear unha experiencia de aprendizaxe significativa na que se transmitirán competencias, valores e contidos

A explotación do mar, a gandería e o agro abasteceron aos seus habitantes. O abrupto ascenso da Serra da Groba, dende o nivel do mar ata máis de 700m., tradúcese nunha gran diversidade paisaxística: dende a zona litoral ata as penichairas das terras altas. Este Mar e Montaña provoca unha serie de miradoiros naturais **con abraiantes panorámicas sobre o Atlántico** e a unha das postas de Sol máis fermosas de Europa

O obxectivo é **reverter o agresivo**

o impacto dos últimos 50 anos cunha xestión forestal sustentable, a recuperación da identidade e o pasado, a creación de recursos turísticos e a dinamización social, cultural e económica.

A estratexia principal sobre a que orbita o proxecto é a **posta en valor do lugar arqueolóxico da Cabeciña**. A finalidade é investigar o pasado da parroquia, a través dun proxecto de **Arqueoloxía en Comunidade** que sirva como dinamizador social xerando un recurso turístico que repercuta na economía local.

A Cabeciña é o estandarte, pero a posta en valor implicará diversos elementos da contorna como outros petróglifos, elementos etnográficos e mesmo formas de vida, **augmentando o potencial turístico** da zona.

O proxecto ten un carácter integral, incluíndo **novas formas de explota-**





PROXECTO MOUGÁS



ción sustentable do monte como o resinado de piñeiro ou a substitución de eucalipto por frondosa autóctona e oliveira.

Ademais da corrección do impacto paisaxístico e ecolóxico, este tipo de explotación forestal traerá unha serie de consecuencias positivas:

- **Económicas:** a través da venda da resina, a oliva e a castaña.
- **Sociais:** mediante a creación de postos de traballo.
- **Forestais:** A frondosa autóctona creará unha barreira natural para o lume diminuindo o risco de incendios.

Dentro desta faceta forestal do proxecto, están planeadas a creación dunha senda botánica e un arboreto. Trátase de levar a cabo esa rexeneración do monte, pero tirándolle un **proveito didáctico e interpretativo**, tanto durante a creación destes dous elementos como unha vez rematados. A senda e o arboreto son cruciais nesta unidade didáctica.

- **Senda:** Durante un percorrido de 6 km. Realizarase esta senda que contará con máis de 100 especies arbóreas ordenadas. Cada tramo estará dedicado a unha especie concreta identificada ao inicio do mesmo.

- **Arboreto:** Nun dos extremos desta senda, realizarase o arboreto, Trátase dun espazo no que convivirán as distintas especies vistas na senda, formando un pequeno parque botánico.

Outra faceta importante do proxecto é a **dinamización social e cultural da parroquia**. O apoio ás iniciativas culturais locais como agrupacións de música tradicional, a creación dun programa cultural ou a recuperación das formas de vida tradicionais, a memoria de Mougás e os mougaleses e as actividades para os máis pequenos son bos exemplos.

O Proxecto Mougás é unha roda na que todo está relacionado. Un pobo unido e activo implícase no proxecto, a xestión forestal repercute na

paisaxe, aumentando o potencial turístico da zona, a gandería extensiva mantén limpos os xacementos arqueolóxicos, o proxecto de arqueoloxía en Comunidade axuda a crear un pobo unido e activo.



O PARQUE DIDÁCTICO: ARQUEOLOXÍA E CIENCIAS FORESTAIS

Queda patente que o Proxecto Mougás pivota entre o arqueolóxico e o forestal, entre o cultural e o natural. A didáctica plantexada irá polo tanto nese mesmo sentido.

Nesta fase de construción dos elementos, a didáctica irá dirixida á colaboración dos alumnos no proceso de creación dos mesmos, entrando a formar parte da comunidade do Proxecto Mougás

- **A Cabeciña:** Xacemento excepcional que conta con petróglifos e castro no mesmo recinto. Inicio do discurso didáctico e introdución á paisaxe
- **Senda:** Continuación do discurso. Explicar a paisaxe do natural ao cultural e viceversa
- **Arboreto:** Fin da actividade.

Realizarase a plantación de árbores de distintas especies por parte dos alumnos.

CONSIDERACIÓNS PREVIAS

Esta unidade didáctica trata sobre **a evolución dunha paisaxe rural a través de 4.000 anos de Historia**. Debido ás propias características inherentes ao espazo onde se desenvolve e á propia temática preséntanos a priori dúas circunstancias que lonxe de considerar problemáticas trataremos de reconverter en obxectivos e apoios nesta unidade didáctica:

1. A habitual desconexión entre o mundo rural e urbano, que no fondo tradúcese nunha desconexión entre tradición e modernidade, nomeadamente, claro está en alumnos de ámbito urbano. Tendo isto en conta, un dos nosos obxectivos principais será reverter esta situación e tratar de mostrarlles un mundo descoñecido para moitos deles e como en

ámbito rural tamén se poden levar a cabo proxectos modernos .

Por suposto, e derivado deste obxectivo, introduciremos un valor, que no fondo é sobre o que se basea a nosa proposta didáctica, xa que o consideramos prioritario atendendo ao escenario no que se leva a cabo a exposición. Trátase da valoración do patrimonio cultural e natural e a conveniencia da súa conservación .

Neste sentido, se os rapaces saen convencidos da necesidade de que a sociedade faga un esforzo para conservar o patrimonio e que sexan conscientes da súa importancia darémolos por satisfeitos. Ademais a idea non é a de presentar o Patrimonio como algo estático senón como un elemento que evoluciona, mesmo nos nosos días e que pode xerar riqueza.

2. O tanxible transmite máis que o abstracto. Actualmente somos ante todo “consumidores de imaxes”. Isto fai que sexa moito máis fácil transmitir a partir de imaxes ou, coma neste



caso, de elementos tanxibles. Poder transmitir os conceptos que queremos a partir de elementos reais en troques dunha sesión tradicional na aula, facilitará en gran medida a nosa tarefa, sempre que sexamos capaces de sortear o factor citado no punto 1. Neste sentido, a nosa proposta, céntrase, sobre todo, nos cambios sufridos por unha paisaxe rural galega. Poderíamos estar falando durante horas das causas dos cambios nos modelos de produción ao longo da Historia e como estes afectan á paisaxe; das súas causas inmediatas e das profundas, das consecuencias ou de aspectos unicamente formais e se cadra sexamos quen de captar a atención dalgún alumno. Mais se amosamos unha serie de elementos reais durante a saída escolar (castro, petróglifos, cortes, árbores, etc) e tratamos de reflexionar sobre as causas que propician os cambios na paisaxe, consideramos que aos rapaces lles resultará moito máis doado comprender e almacenar dunha maneira ordenada nas súas estruturas cognitivas e

en conexión cos seus operadores previos, acadando así unha aprendizaxe significativa.

METODOLOXÍA

Non só debemos reflexionar sobre os obxectivos que queremos acadar senón sobre a metodoloxía que empregaremos para a súa consecución, e que a aprendizaxe adquira unha categoría de significativa.

- **Aprendizaxe por descubrimento guiado:** consideramos que, tratándose dunha actividade de ensino-aprendizaxe deseñada para saídas da aula, este é o método máis adecuado. Trataremos así de marcar unha diferenza cos métodos habituais fundamentalmente transmisivos da aula captando unha maior atención do alumno e procurando a súa interacción. Asemade, consideramos que ao fomentar a súa participación e que saquen as súas conclusións, esas asociacións propias permiti-

rán unha maior conexión cos seus operadores previos enriquecendo así a significación da aprendizaxe.

- **Aprender xogando:** consideramos que formular unha actividade de ensino-aprendizaxe de carácter lúdico axudará a estimular os alumnos menos motivados na rutina das aulas. Así mesmo debemos ter en conta que o propio cambio de escenario (da aula ao exterior) facilita a participación activa daqueles alumnos mal definidos como “malos alumnos” ou “vagos”

Tratamos, pois, de fomentar a súa atención e participación mediante un xogo de identificación de especies arbóreas e mediante un obradoiro de plantación. Estas dúas actividades lúdicas servirán para que eles mesmos se impliquen no proxecto, asimilando contidos, competencias e valores. Tamén servirán de recompensa final para captar a súa atención durante o desenvolvemento da visita.



OBXECTIVOS XERAIS

Malia que no apartado correspondente ó desenvolvemento da visita indicaremos dun modo máis concreto os obxectivos no sentido de contidos, competencias ou valores que queremos nos diferentes momentos da visita, hai unha serie de finalidades que consideramos principais ou xerais:

Competencias:

- A competencia principal é a **autonomía da aprendizaxe**, amosando o camiño ou unhas pautas para interpretar a paisaxe cultural como un proceso histórico, así como comprender os distintos elementos que a compoñen (castro, petróglifos, muíños, cortes, etc) como froito dun tempo concreto e determinado por unha serie de factores.
- Outra competencia que queremos tocar, se cadra dun xeito máis somero, é a de desenvolver unha

capacidade crítica que se deriva da propia valoración do patrimonio cultural e natural, facendo reflexionar sobre a conveniencia ou non da súa conservación ou do xeito en que xestionalo.

Valores:

- Como se pode deducir do anterior, os valores a tratar de xeito máis profundo nesta unidade didáctica son os que teñen que ver co **respecto ao Patrimonio cultural e natural**
- Como consecuencia lóxica, estes valores activan outros que teñen que ver co exercicio dunha **cidadanía respectuosa e crítica**.

Contidos:

- Entender **a paisaxe como un escenario cambiante** segundo os usos culturais que nela se van aplicando

- Comprender a **Historia como unha suma de causas e consecuencias** que determinan os distintos momentos da mesma.





DESENVOLVEMENTO DA VISITA

O Proxecto Mougás ten como un dos seus obxectivos prioritarios a utilización do territorio e a paisaxe como transmisor de competencias e valores. Neste sentido, unha das claves do proxecto é a de traballar con escolares estes asuntos in situ mediante a programación, conxuntamente cos centros, de saídas da aula que ofrezan oportunidades de ensino-aprendizaxe nun contexto de educación non formal.

Para este fin ofrecerase un percorrido cunha serie de visitas e actividades que fagan a saída atractiva, pero sobre todo didáctica.

A actividade fóra da aula estará articulada en torno aos tres elementos principais xa citados que ademais servirán para desenvolver as competencias a transmitir nun sistema clásico de inicio, desenvolvemento, desenlace :

- Castro e petróglifos da Cabeciña: Os alumnos asistirán a unha visita guiada polo xacemento. A principal mensaxe a transmitir será a dun “mirador a 4.000 anos de Historia” e a visita á Cabeciña servirá de entrada a este tema que se irá desenvolvendo durante o resto da actividade.

CONCEPTOS

- Por que credes que a xente do castro veu vivir aquí arriba?
- Por que construírían estas murallas colosais
- Mirade ao voso redor, pensades que a paisaxe cambiou moito dende a época castrexa. En que pensades?
- A paisaxe que vedes explotouse durante máis de 4.000 anos, pero o maior impacto produciuse nos últimos 50. Pensades que esta explotación pode sosterse? Como podemos revertelo?



PROXECTO MOUGÁS

- Camiño: Realizárase unha andaina de aproximadamente 6km. Sobre un terreo chan e sen dificultade. Neste camiño desenvólvese a Senda Botánica na que se ofrece unha senda con máis de 150 especies botánicas. Ademais o camiño pasará por distintos elementos antrópicos da paisaxe desenvolvendo a mensaxe principal da evolución dunha paisaxe ao longo de 4.000 anos.

- Arboreto: Punto final da actividade. Neste punto farase unha pequena actividade de identificación de especies e a actividade final de plantación de árbores. Neste momento transmitírase o concepto central de toda a actividade de ensino aprendizaxe.



“O Proxecto Mougás é o último chanzo de 4.000 anos de evolución dunha paisaxe. Do que se trata é de reverter o gran impacto paisaxístico dos últimos anos mediante un sistema produtivo sostible.”

CONCEPTOS

- A xente de Mougás viviu en harmonía con esta paisaxe durante séculos. Mirade ese muíño, que pensades que se podía cultivar antes aquí onde agora só se ve eucalipto?
- Mirade esa corte en ruínas. Para que se podería empregar?... vedes algunha cabra hoxe en día?
- Estamos nun lugar que se chama Pedra Lan. A que pensades que se debe o seu nome?
- Collede unha folla desa árbore e fixádevos no nome no cartel, a ver se logo no arboreto somos quen de identificala?
- As distintas especies vexetais aportan distintos beneficios ao ser humano (exemplos). Pensades que está ben substituílas por unha única especie?



proxectomougas.net

e-mail: info@proxectomougas.net